



# BOP

VENRES, 29 DE XANEIRO DE 2021

N.º 023

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DE LUGO. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

##### *Anuncio*

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo sobre disfrute de días inhábiles para o ano 2021, de conformidade co previsto no artigo 27 B) do Convenio Colectivo Provincial para as Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, (Código 27000475011982) asinado o día 16 de decembro de 2020, pola representación empresarial e das centrais sindicais CC.OO. (44,62%), U.G.T. (32,31%) e C.I.G. (20,00%), como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de xaneiro de 2021.- A xefa do servizo de Emprego e Economía Social, P.A. (Artigo 57.3 Decreto 215/2020, do 3 de decembro), Rocío Rebolo Serén.

#### **ACTA DE SINATURA**

#### **CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA AS INDUSTRIAS DE SIDEROMETALÚRXICA DE LUGO**

#### **ASISTENTES**

#### **Pola Parte Empresarial:**

#### **ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E**

#### **INDUSTRIAS METALÚRXICAS DE LUGO:**

VÍCTOR FERREIRO SEGADE.- DNI 33842233X

#### **ASOCIACIÓN DE INSTALADORES**

#### **ELECTRICISTAS E DE TELECOMUNICACIONES DE LUGO**

JOSÉ EDUARDO FERNÁNDEZ VILA.- DNI 76615013V

#### **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS CALEFACTORES**

#### **E FONTANEROS DA PROVINCIA DE LUGO**

FERNANDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.- DNI 76573003T

#### **ASOCIACIÓN DE TALLERES DE REPARACIÓN**

#### **DE VEHÍCULOS DE LUGO:**

IGNACIO PÉREZ DE OLIVEIRA.-DNI 33323222V

#### **Polas Centrais Sindicais:**

#### **CC.OO. [44,62%]**

JOSÉ LUÍS LÓPEZ ÁLVAREZ.-DNI 34256814Q

#### **UGT [32,31%]**

CARLOS GARCÍA VÁZQUEZ.- DNI 11922182V

DIEGO JOSÉ CHAO RUBAL.- DNI 33998011D

**CIG [20,00%]**

GERARDO VILLAR DORADO.-DNI 33314237W

ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ.- 76578117P

En Lugo, sendo as 11.00 horas do día 16 de decembro de 2020, reúnenos nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

**ACORDOS:**

Primeiro.- De conformidade co previsto no artigo 27 B) do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, para os supostos nos que tivera lugar no exercicio 2021 un exceso sobre a xornada anual de traballo de 1.772 horas, cada traballador/a disfrutará como días inhábiles ou non laborables e retribuídos, a maiores dos días 24 e 31 de decembro, os seguintes, nos termos indicados no texto do Convenio:

- 15 de febreiro de 2021
- 26 de xullo de 2021
- 11 de outubro de 2021
- 7 de decembro de 2021

Habida conta de que cos días indicados ten lugar un exceso de catro horas sobre a xornada anual de traballo, os traballadores terán dereito a disfrutar no ano 2021 de catro horas de libre disposición preavisando á empresa cunha antelación mínima de 4 días laborables.

Segundo.- Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos con canta información e documentación resulte necesaria.

Terceiro.- Aos efectos do rexistro e depósito do presente acordo de fixación de días inhábiles para o exercicio 2021 do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, autorízase a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. 33.321.188F, e responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de firma, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de canta documentación sexa necesaria para tal inscrición.

E en proba de conformidade, firman a presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Víctor Ferreiro Segade. José Eduardo Fernández Vila. Fernando Fernández Fernández. Ignacio Pérez de Oliveira. José Luís López Álvarez. Carlos García Vázquez. Diego José Chao Rubal. Gerardo Villar Dorado. Alfonso Losada Rodríguez.

R. 0157

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS

#### *Anuncio*

Aprobada inicialmente polo Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria, celebrada o 29 de decembro de 2020 a "*Proposta para a homologación dos postos de traballo do Servizo de Audiovisuais e plena aplicación ó persoal subrogado do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Deputación*"; en cumprimento do previsto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, expónse a información pública na Secretaría Xeral desta Entidade, por un prazo de 20 días, dentro dos cales, poderase examinar o expediente e presentar alegacións ou observacións que estimen oportunas, nas condicións que se establecen no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que non se presenten alegacións ou observacións, no indicado prazo, entenderase definitivamente aprobada.

Pazo Provincial de Lugo.- A Secretaría Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0212

## SERVIZO DE RRHH. SELECCIÓN PROMOCIÓN E CARREIRA

## Anuncio

**ANUNCIO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 15 DE XANEIRO DE 2021 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN PROTOCOLO PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (Bases Xerais BOP núm. 079 e161 do 06.04.2020 e 15.07.2020 respectivamente)**

A xunta de goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada en data 15 de xaneiro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).*

*Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a Superior en Protocolo para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 19. Catro da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, á Xunta de Goberno, **ACORDA:***

*1º.- Aprobado a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a Superior en Protocolo, grupo A – subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.*

*2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP número 079 de 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP número 161 de 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal), apartado emprego público(RRHH)-selección temporal.*

*3º.- Aprobado as bases específicas, que complementarían as bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.*

*4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.*

*5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.*

*6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”*

**BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN PROTOCOLO.**

### 1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados).

### 2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
TÉCNICO/A SUPERIOR EN PROTOCOLO	A	A1	Servizo de Protocolo e Relacións Institucionais. Ás distintas Unidades Administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

### 3. COMETIDO FUNCIONAL

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, na disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

### 4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Grao en protocolo e organización de eventos ou equivalentes.

### 5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4

### 6. PROGRAMA

#### A) MATERIAS COMÚNS:

1. A Constitución Española de 1978, principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As Cortes Xerais. O Goberno e a Administración Pública. O Poder Xudicial.
2. A organización Territorial do Estado. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da comunidade autónoma de Galicia.
3. O Réxime Local Español. Principios constitucionais. Regulación xurídica. O Municipio. A organización municipal. Competencias municipais. A Provincia. Organización Provincial. Competencias provinciais.
4. O Dereito Administrativo. As fontes de dereito administrativo. A potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos.
5. O procedemento administrativo común. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. Recursos contra os actos administrativos.
6. Os interesados. Dereitos dos cidadáns nas súas relación coas administración públicas. O acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Rexistros, comunicación e notificacións. A xestión electrónica dos procedementos. A protección de datos de carácter persoal. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.
7. Os contratos do sector público. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
8. As Facendas Locais. Os tributos locais. As Ordenanzas Fiscais: procedemento de elaboración e aprobación.
9. O persoal ao servizo da administración local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.

#### B) MATERIA ESPECÍFICAS:

1. Protocolo, Ceremonial e Etiqueta. Concepto e evolución histórica.
2. As bandeiras: normativa. Uso e diferentes tipos de ordenación. A bandeira de España, a bandeira de Galicia e a bandeira da provincia de Lugo. Descrición.
3. Os himnos: o himno de España e o Himno de Galicia. Utilización. Os escudo: o escudo de España, o escudo de Galicia e o escudo da provincia de Lugo. Descrición.
4. Os tratamentos honoríficos en España. Tipos. Tratamentos reais e nobiliarios. Tratamentos para condecoracións. Tratamentos para autoridades civís, militares, eclesiásticas e diplomáticas.
5. Dereito premial: Distincións das Comunidades Autónomas, das corporacións locais e provinciais. Nomeamentos honoríficos e condecoracións. Tramitación do expediente.
6. A imaxe corporativa. Concepto e relevancia. A formación da imaxe institucional. Uso e aplicacións. O patrocinio e o mecenado.
7. As precedencias oficiais do Estado: o Real Decreto de precedencias. Conceptos clave. A precedencia nos actos públicos oficiais no Estado,
8. A Coroa española. A familia Real e a familia do Rei. Precedencia da Coroa. Honras á Coroa. As relacións coa Coroa.

9. O Poder Lexislativo: As Cortes Xerais. Os órganos das Cámaras. Protocolo e Cerimonial Parlamentario: Precedencia, tratamentos e honras. Solemne sesión de apertura da lexislatura.
10. O Poder Executivo: O Goberno. Os seus membros e órganos territoriais. Protocolo no Goberno: tratamentos e honras.
11. O Poder Xudicial: Órganos de goberno do Poder Xudicial. Protocolo xudicial: precedencia, tratamentos e honras. A inauguración do ano xudicial.
12. O protocolo diplomático e sistema de precedencias. O cerimonial diplomático.
13. Precedencias das Comunidades Autónomas. Orde das autonomías. Tratamentos. Orde das Asembleas Lexislativas.
14. O protocolo na Comunidade Autónoma Galega. Principios xerais. Normas de aplicación. O decreto de precedencias da Comunidade autónoma de Galicia.
15. Precedencias nas Corporacións Locais. Tratamentos, ordenamento. A constitución dunha Corporación provincial e Municipal. A toma de posesión do Presidente.
16. A Provincia de Lugo. Xeografía. As distintas zonas territoriais e as súas peculiaridades. A poboación e a súa distribución
17. A sede da Deputación provincial de Lugo. Historia. Valor artístico e arquitectónico. Outros edificios de interese.
18. A Deputación provincial de Lugo. Organización conforme ao Regulamento Orgánico da mesma.
19. Outros aspectos do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado do BOP núm. 202, do 3.09.2020). Estatuto dos membros da Corporación. Funcionamento dos órganos colexiados.
20. O Regulamento de honras e distincións da Deputación de Lugo (BOP nº 289, 19.12.2006)
21. Clases de actos. Actos públicos e actos privados. O protocolo nos actos públicos oficiais. Clases de actos públicos oficiais.
22. A xestión dos actos institucionais corporativos. Planificación, deseño e creación de proxectos protocolarios. Recepcións e visitas institucionais de autoridades, tomas de posesión, congresos, ceremonial de exequias, banquetes, presentacións, inauguracións, clausuras rodas de prensa.
23. A presidencia e as súas responsabilidades. Quen preside?. Quen pode estar na presidencia?. Presidencia de pé e presidencias de mesa. Presidencias dobres. Presidencias fixas. A cesión da presidencia.
24. Os invitados. Formas de determinar a precedencia dos invitados. Forma de indicar o protocolo. O invitado de honra: quen pode ser e o seu lugar en diferentes actos. Consortes e acompañantes nun acto protocolario.
25. A atención das autoridades nun acto protocolario. Ordenación. Ordenación e trato das non autoridades.
26. A seguridade integral no protocolo.
27. Documentación dos actos públicos. O reflexo documental dos actos. A documentación do protocolo.
28. As relacións Protocolo e medios de comunicación . Criterios de coordinación.
29. Función, tarefas e prácticas nun departamento de protocolo na Administración local.. Documentos da Oficina de Protocolo: a carta, o saúdo, a invitación e outros.
30. Relacións con outros departamento. A comunicación interna. Medios de acción. Os acontecementos interiores e a política de comunicación.
31. Teoría das Relacións Públicas. Definicións e diferenzas do actos. A documentación do protocolo.
32. Teoría das Relacións Públicas. Definicións e diferenzas co Protocolo. Funcións das RR.PP. As fases das RR.PP. Estratexias. As RR.PP. no Goberno Local.
33. O protocolo social. Normas de etiqueta e usos sociais. Normas xerais e comportamento: O saúdo e as presentacións.
34. Protección de datos. Os tratamentos honoríficos en España. Tipos. Tratamentos reais e nobiliarios. Tratamentos para condecoracións. Tratamentos para autoridades civís, militares, eclesiásticas e diplomáticas.
35. Dereito premial: Distincións das Comunidades Autónomas, das corporacións locais e provinciais. Nomeamentos honoríficos e condecoracións. Tramitación do expediente.
36. A imaxe corporativa. Concepto e relevancia. A formación da imaxe institucional. Uso e aplicacións. O patrocinio e o mecenado.

Pazo Provincial, 25 de xaneiro de 2021.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0178

## CONCELLOS

### CARBALLEDO

#### *Anuncio*

En sesión plenaria celebrada o 21 de xaneiro de 2021 foi inicialmente aprobado o expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario núm. 1/2021, por importe de **160.000,00€ (CENTO SESENTA MIL EUROS)**, o que faise público polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 22 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0173

#### *Anuncio*

En sesión plenaria celebrada o 21 de xaneiro de 2021 foi inicialmente aprobado o expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito núm. 1/2021, por importe de **15.000,00€ (QUINCE MIL EUROS)**, o que faise público polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 22 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0174

## LOURENZÁ

#### *Anuncio*

### S.A.F. DECEMBRO 2020

#### EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 20 de xaneiro de 2021, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Decembro de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de dous mil seiscentos doce euros con oitenta e seis céntimos de euro (2.612,86€), dos que dous mil douscentos cinco euros con trinta e seis céntimos de euro (2.205,36€) correspondente a dependencia, e catrocentos sete euros con cincuenta céntimos de euro (407,50€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 21 de xaneiro de 2021.- A Alcaldesa - Presidente, D<sup>a</sup>. Rocío López García.

R. 0170

**OUTEIRO DE REI***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE DECLARACIÓN DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN**

Na sesión celebrada o día 21 de xaneiro de 2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico "Senda peatonal e ciclista dende estrada de Castro a Bonxe", así coma a relación de bens e dereitos e expropiar e a taxación dos mesmos formulados por SENEN PRIETO INGENIERÍA S.L.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente a seguinte relación de bens e dereitos a expropiar:

Finca	Núm. ref. catastral	Propietario	Naturaleza del suelo	Superficie expropiada	Valoración
1	27039A092000180000GY	RAMIL INCUBACION AVICOLA SA A27002880	Suelo de núcleo rural	450,00	6.750,00 €
2	27039A092000170000GB	Desconocido	Suelo de núcleo rural	52,00	780,00 €
3	4837601PH1743N0001QU	LOMBAO LOPEZ BASILIO NIF/NIE 33825321A	Suelo de núcleo rural	232,00	3.480,00 €
4	4837613PH1743N0001DU	LOMBAO LOMBAO DOSITEO NIF/NIE 76534704L	Suelo de núcleo rural	179,00	2.685,00 €
5	4837612PH1743N0001RU	LOMBAO LOPEZ MARIA REMEDIOS NIF/NIE 76534926B	Suelo de núcleo rural	35,00	525,00 €
6	4837611PH1743N0001KU	LOMBAO LOPEZ BASILIO NIF/NIE 33825321A	Suelo de núcleo rural	36,00	540,00 €
7	4837610PH1743N0001OU	LOMBAO LOPEZ LUIS NIF/NIE 33825322G	Suelo de núcleo rural	32,00	480,00 €
8	4837609PH1743N0001RU	MENDEZ NEIRA MARIA MANUELA NIF/NIE 76534909V	Suelo de núcleo rural	32,00	480,00 €

En consontes co disposto na Lei de Expropiación Forzosa, outórgaselle un prazo de alegacións de un mes, a fin de que poida aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación de outros bens ou a adquisición de outros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis conveniente ao fin que se persigue.

O proxecto de obras máis a relación de bens e dereitos a expropiar e a súa valoración atópanse a disposición do público no taboleiro de edictos ubicado na dirección electrónica <https://outeiroderei.sedelectronica.gal/board>

Outeiro de Rei, 22 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0171

**SOBER***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2021, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de Decembro de 2020.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 22 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0172

**TRABADA***Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcorrido o prazo de trinta días hábiles de información pública do acordo plenario de data 18 de novembro de 2020 de aprobación inicial da modificación da **“Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de Punto de Atención á Infancia”**, sen que durante dito período se presentase reclamación algunha, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo de modificación do ANEXO I coa redacción que de seguido se transcribe:

**ANEXO I- PREZOS**

<b>PREZO DA ATENCIÓN EDUCATIVA</b>	<b>IMPORTE</b>
Prezo pola atención educativa mensual en réxime de xornada completa	169,26 €
Prezo ampliación de estancia de cada hora adicional do horario adxudicado	21,16 €
Renda inferior ao 30% do IPREM	0 €
Renda comprendida entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM	17,45€
Renda comprendida entre o 50% e inferiores ao 75 % do IPREM	34,91 €
Renda comprendida entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM	69,81 €
Renda comprendida entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM	112,13 €
Renda comprendida entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM	133,29 €
Renda comprendida entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM	147,05 €
Renda superior ao 200% do IPREM	169,26 €
<b>DESCONTOS ESPECIAIS</b>	
<b>As familias con dous ou máis fillos de menos de 18 anos disfrutarán da exención total da cuota a partir do segundo fillo da unidade familiar cando éste acuda á escola infantil do Concello de Trabada</b>	
<b>As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda disfrutarán, asimesmo, da exención total da cuota</b>	

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo, no prazo de 2



meses, contados dende a data de publicación, sen prexuízo do exercicio de calquera outro recurso que estime oportuno.

Trabada, 19 de xaneiro de 2021.- Sra. Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 0189

---

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente número: A/27/22707**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Monte Vecinal Mano Común de Becerreal

Nombre del río o corriente: Río Becerral

Caudal solicitado: 0,278 l/seg.

Punto de emplazamiento: Becerral

Término Municipal y Provincia: Navia de Suarna (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

**BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:**

Tubería de captación enterrada y conducción hasta depósito de 110 m<sup>3</sup> de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Navia de Suarna** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 12 de enero de 2021.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 0097

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente número: A/27/22708**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Monte Vecinal en Mano Común de Prebello

Nombre del río o corriente: regueiro dos Bragais

Caudal solicitado: 0,278 l/seg.

Punto de emplazamiento: Prebello (Rao)

Término Municipal y Provincia: Navia de Suarna (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

**BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:**

Tubería de captación enterrada y conducción hasta depósito de 110 m<sup>3</sup> de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Navia de Suarna** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

---

Oviedo, 12 de enero de 2021.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 0098

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente número: A/27/22709**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: C.M.V.M.C. de Embornallas, Balsa y Ribeira

Nombre del río o corriente: Manantial

Caudal solicitado: 0,278 l/seg.

Punto de emplazamiento: Balsa (Ribeira), San Estebo

Término Municipal y Provincia: Navia de Suarna (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

**BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:**

Tubería de captación enterrada y conducción hasta depósito de 110 m<sup>3</sup> de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Navia de Suarna** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 12 de enero de 2021.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 0099

---